

**CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E MAIS O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE ATENCIÓN PROFESIONAL A VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.**

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

**REUNIDOS**

D. **Diego Calvo Pouso**, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude do Decreto 65/2023, do 14 de xuño, que recolle o seu nomeamento, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Dña. **Elena Rivo López**, Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, en virtude do Decreto 68/2023, do 14 de xuño, que recolle o seu nomeamento, e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia

Dña. **Lourdes Carballo Fidalgo**, presidenta do Consello da Avogacía Galega, actuando no seu nome e representación de acordo co artigo 10, en relación co artigo 2.2, dos estatutos do Consello da Avogacía Galega, aprobados polo Decreto 130/1993, do 3 de xuño.

As partes, no nome e representación en que concorren, e coa capacidade legal para asinar este documento

**EXPOÑEN:**

**Primeiro.** Que a Comunidade Autónoma de Galicia goza de competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril) e mais nos reais decretos de transferencia 2411/1982, do 24 de xullo, e 534/1984, do 25 de xaneiro; e que, por outra parte, lles corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade sexan reais e efectivas.

O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, reforza



o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e mais na promoción da igualdade; mentres que a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, consolida a loita da Xunta de Galicia na erradicación da violencia contra as mulleres.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero.

E, pola súa banda, á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes correspóndenlle, entre outras, as competencias relativas aos medios económicos e materiais ao servizo da Administración de xustiza e mais as referentes á promoción do acceso da cidadanía á xustiza en igualdade de condicións.

**Segundo.** Que a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como para a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

Para os efectos da dita lei galega, o artigo 3 configura as formas de violencia machista dun xeito máis amplo ca o recollido na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, na medida en que esta se refire á exercida sobre as mulleres polos homes que son ou foron os seus cónxuxes ou que están ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia, mentres que a lei galega abrangue calquera acto violento ou agresión dentro dunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres, coma, entre outras, a violencia sexual e abusos sexuais, o acoso sexual ou o tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación, así como calquera outra forma de violencia recolleita nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade.

Ademais, e pola súa banda, no artigo 15 da referida Lei galega 11/2007 recóllese a necesidade de que a Xunta de Galicia garanta e promova a formación en igualdade de todas e todos os profesionais que traballan en ámbitos relacionados directa ou indirectamente coa violencia de xénero, e en especial das e dos profesionais da sanidade, dos servizos sociais, dos educativos, das Forzas e Corpos de Seguridade e das operadoras e operadores xurídicos.

**Terceiro.** Que o Regulamento galego de asistencia xurídica gratuíta (Decreto 269/2008, do 6 de novembro, modificado polo Decreto 134/2017, do 7 de decembro) prevé a prestación inmediata da asistencia xurídica por parte dos profesionais da quenda de oficio ás mulleres vítimas de violencia de xénero e mais a constitución dunha quenda de garda permanente durante as 24 horas do día, atendida por letrados/as especializados/as, para a prestación do servizo de asistencia letrada ás mulleres vítimas de delitos de violencia de xénero (artigo 29.2), así como tamén o requisito complementario de formación para os/as



avogados/as especializados/as que realicen a asistencia xurídica e defensa en xuízo de mulleres vítimas de violencia de xénero (artigo 30.2).

Pero resulta necesario que, á atención prestada ás vítimas de violencia de xénero desde a quenda de oficio no marco da regulamentación da asistencia xurídica gratuíta, se sumen accións de atención específica por profesionais da avogacía ás mulleres vítimas de violencia sexual para quen, en principio, o concepto de violencia de xénero da Lei estatal 1/2004, do 28 de decembro, deixaría fóra do ámbito de aplicación da Lei de asistencia xurídica gratuíta ao se requirir como elemento conceptual daquela o mantemento de relación afectiva respecto do agresor.

Trátase, deste xeito, de procurar o establecemento dun sistema integral de atención ás mulleres vítimas de violencia sexual, que comprenda o asesoramento xurídico e orientación iniciais, a información xurídica ás mulleres vítimas de delitos sexuais sobre o desenvolvemento do proceso e maneira de exercitar os diferentes dereitos, a asistencia legal na práctica das primeiras dilixencias, así como para a interposición da denuncia, se for o caso, e, en definitiva, un primeiro acompañamento legal ante os órganos correspondentes policiais ou xurisdicionais sen que implique o exercicio da acción penal no procedemento xudicial, sendo por isto necesario que, da mesma maneira que se forma aos e ás profesionais da avogacía integrantes da quenda de oficio, estes conten tamén cunha formación específica en relación cos delitos contra a liberdade sexual que sufran as mulleres polo mero feito de selo.

**Cuarto.** Que o 15 de novembro de 2016 o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha proposición non de lei pola que se instaba ao Goberno a promover un pacto de Estado en materia de violencia de xénero que, suscrito polo Goberno da Nación, polas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía e mais pola Federación Española de Municipios e Provincias, seguise impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. A proposición non de lei establecía a creación, no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, dunha subcomisión cuxo obxectivo sería elaborar un informe no que se identificasen e analizasen os problemas que impedían avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero e no cal se incluían un conxunto de propostas de actuación, entre elas as principais reformas que se debían acometer para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como as recomendacións dos organismos internacionais. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou o informe desta Subcomisión para un pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Pola súa parte, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dunha relatoría que estudase e avaliase, en materia de violencia de xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analizase a estratexia para alcanzar e implementar un pacto de Estado contra a violencia de xénero e examinase a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro.



O 13 de setembro de 2017 o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o informe da Relatoría de estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

O documento refundido de medidas do pacto de Estado en materia de violencia de xénero contén un conxunto de propostas para promover o desenvolvemento de programas integrais de atención á violencia sexual en todo o territorio, en colaboración coas comunidades autónomas e respectando as competencias destas.

O día 25 de novembro de 2021, catro anos despois da aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de 2017, a maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, conscientes de que o Pacto de Estado non pode ter como horizonte temporal o mes de setembro de 2022, senón que debe continuar vertebrando a nosa resposta como país fronte á violencia machista, asinaron un acordo de renovación do Ditame, onde novamente se plasmou a vontade de todos os actores institucionais de seguir traballando polo cumprimento das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e o establecemento dun marco ampliado e permanente para o desenvolvemento de políticas públicas que o fortalezan.

En base a todo o anterior, o 22 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Igualdade aprobou o Acordo relativo ao establecemento dun marco de actuación conxunta que garanta a prórroga e permanencia das políticas públicas e os servizos que se derivan do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, co obxecto de asegurar as condicións básicas que garantan a igualdade de todas as mulleres no exercicio dos seus dereitos fronte á violencia. Este acordo ten como finalidade consolidar o traballo fronte á violencia contra as mulleres no conxunto do Estado, avanzando na institucionalización e a permanencia dos compromisos adquiridos no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. A estes efectos, o acordo ten por obxecto impulsar o deseño de mecanismos de colaboración que garantan a estabilidade orzamentaria e administrativa de maneira que permitan soste os actuais e futuros servizos vinculados ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

O 20 de marzo de 2023 publicouse no Boletín Oficial do Estado a Resolución do 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia de Sectorial de Igualdade, de 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027). Dentro do Catálogo de referencia de políticas e servizos en materia de violencia contra as mulleres, incluído no dito plan, na área 3., Protección e acceso á xustiza, subárea 3.2., Acceso á xustiza, recóllese a actuación 3.2.02.: "Nas Comunidades Autónomas que contan con competencias transferidas en materia de xustiza, garantir a asistencia letrada especializada ás vítimas de calquera forma de violencia contra as mulleres desde o momento previo á interposición da denuncia".

No marco do desenvolvemento do dereito á asistencia integral, especializada e accesible, para as vítimas de violencias sexuais, a Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual establece no seu artigo 33.1.e) o dereito ao asesoramento xurídico previo e á asistencia xurídica gratuíta nos procesos derivados da violencia, nos termos previstos na lexislación de asistencia xurídica gratuíta.



**Quinto.** Que o Consello da Avogacía Galega é unha corporación de dereito público integrada polos colexios da avogacía da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Ferrol e Vigo (Decreto 30/1993, do 3 de xuño, polo que se crea o Consello da Avogacía Galega e se aproban os seus estatutos), que no ámbito territorial de Galicia ten as mesmas competencias ca as atribuídas ao Consello Xeral da Avogacía Española. O Consello exerce as funcións tradicionais de natureza administrativa, coma a tramitación e resolución de recursos en materia deontolóxica e as relacións con outras institucións e administracións, e así mesmo dedica importantes esforzos no ámbito da formación dos avogados e avogadas de Galicia mediante o establecemento de programas en diversas materias do exercicio profesional, coma a mediación, o dereito de estranxeiría, o procedemento penal do menor, a deontoloxía profesional ou a violencia sobre a muller.

**Sexto.** Que todo o anterior conduce á oportunidade de convir co Consello da Avogacía Galega a realización de actuacións de atención xurídica especial para as mulleres vítimas de delitos sexuais que aseguren a eficacia das medidas previstas na atención ás mulleres vítimas de violencia machista.

Así, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia estiman de interese público establecer unha liña de traballo conxunto, para cuxo efecto se propón a colaboración co Consello da Avogacía Galega a fin de canalizar o dito interese.

Por todo o indicado, as partes acordan formalizar o presente convenio, que se rexerá consonte o disposto nas seguintes

## CLÁUSULAS:

### **Primeira. *Obxecto e finalidade.***

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Xunta de Galicia –a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade– e o Consello da Avogacía Galega para a posta en marcha de accións dirixidas á atención xurídica a mulleres vítimas de violencia sexual, de maneira tal que a muller dispoña sempre dun avogado especializado en delitos contra a liberdade sexual que a asista en relación coa denuncia e asesoramento xurídico e acompañamento iniciais, e con independencia de que a vítima teña ou non recursos para litigar.

O carácter singular do presente convenio vén determinado por razóns de interese público. Neste sentido cómpre sinalar que, só no ano 2021, se incoaron na nosa Comunidade Autónoma máis de 1.600 delitos contra a liberdade sexual, o que fai evidente o interese social e humanitario de calquera acción que se dirixa a previr e detectar estes casos e a apoiar as súas vítimas, neste caso a través de accións especializadas por profesionais do



ámbito xurídico. Tal incuestionable interese público leva á Xunta de Galicia a establecer a presente colaboración.

## **Segunda. Obrigas do beneficiario.**

**O Consello da Avogacía Galega** comprométese a:

**1.** Realizar as actividades previstas no obxecto que se recolle neste convenio.

A dotación de persoal dedicada a estes fins estará sometida ás directrices e ordes do Consello da Avogacía Galega. O dito persoal non terá relación laboral coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, nin tampouco coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á Xunta de Galicia responsabilidade directa nin subsidiaria.

**2.** Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, así como tamén a realización da actividade e o cumprimento da finalidade, do presente convenio.

**3.** Proporcionarlle á Administración autonómica, cando lle sexa solicitada, información sobre as actividades realizadas.

**4.** Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de conformidade coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

**5.** Dar axeitada publicidade ao carácter público das actuacións obxecto do presente convenio, cumprir todas as condicións e obrigas recolleitas nel e someterse ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo.

## **Terceira. Compromisos das partes.**

- a) A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes asumirá os custos que xere a execución das actuacións obxecto do presente convenio con cargo á aplicación orzamentaria **06.03.131A.481.0**, cun importe máximo para o ano 2023 de **159.860,00 €**, segundo os conceptos e contías sinaladas na cláusula sexta.
- b) A Secretaría Xeral da Igualdade comprométese a facilitarlle ao Consello da Avogacía Galega, a fin de contribuír a garantir a dispoñibilidade de profesionais especializados neste ámbito, material formativo en relación coa erradicación da violencia machista e dos delitos contra a liberdade e indemnidade sexual.
- c) O Consello da Avogacía Galega asume a organización e ofrecemento de asistencia letrada, asesoramento xurídico e orientación gratuítos, así como acompañamento inicial na práctica das primeiras dilixencias ás mulleres vítimas de delitos contra a liberdade sexual para aqueles supostos en que non sexa de aplicación o artigo 20 da



Lei 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, nas actuacións que teñan causa no dito delito sexual. O Consello da Avogacía Galega comprométese a que esta atención letrada estea dispoñible todos os días do ano as 24 horas, co obxecto de que a muller vítima de delito sexual dispoña dun avogado especializado contra a liberdade sexual que a asista.

A tal fin, os colexios de avogados deberán contar cun número suficiente de letrados especializados en materia de delitos sexuais contra mulleres para garantir o adecuado funcionamento deste servizo, que en todo caso deberán pertencer á quenda de oficio de violencia de xénero do respectivo colexio.

d) O Consello da Avogacía garantirá a formación específica en materia de asistencia a vítimas de violencia sexual, dos avogados e avogadas que presten a asistencia, facilitando dita formación.

#### **Cuarta. Crédito orzamentario**

A achega económica para o desenvolvemento do presente convenio é de 159.860,00€ para o ano 2023. Para o sostemento das actividades descritas no convenio figuran no orzamento da Dirección Xeral de Xustiza un remanente relativo aos programas financiados con fondos do Pacto de Estado no exercicio de 2021 ao abeiro do Acordo de colaboración asinado o 21 de maio de 2021 entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Consellería de Emprego e Igualdade para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

No caso de que a cantidade establecida resulte insuficiente para o financiamento da atención profesional á vítimas de violencia sexual poderase aprobar unha ampliación da contía mediante a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración, logo dos trámites legais esixidos.

#### **Quinta. Vixencia.**

O presente convenio producirá efectos a partir da súa sinatura, e ata o 31 de decembro de 2023.

#### **Sexta. Xustificación e pagamento.**

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a compensar economicamente ao Consello da Avogacía Galega os gastos que deriven da execución deste convenio, coas seguintes tarifas:



- Compensará con 180 euros pola atención xurídica á cada vítima. Para estes efectos, O Consello da Avogacía Galega, xunto coa documentación que achegue para a xustificación da execución do convenio, presentará tamén un informe detallado onde se recollan todas as atencións xurídicas realizadas, que inclúen, entre outras: o asesoramento xurídico e orientación iniciais; a asistencia legal na práctica das primeiras dilixencias e na interposición da denuncia, se for o caso; así como o acompañamento legal inicial ante o órgano policial ou xurisdiccional.
- Aportará ata 20.000 euros ao Consello da Avogacía Galega, que se aboarán dentro do primeiro trimestre de vixencia do convenio, e que terá a condición de pagamento anticipado, para compensar economicamente os seguintes gastos:

Xestión administrativa e tramitación das asistencias realizadas por parte dos Colexios da avogacía

Publicidade e difusión das actuacións do presente convenio.

Formación específica dos letrados e letradas na materia específica de asistencia a vítimas de agresións sexuais

A concesión deste pagamento anticipado realizarase mediante resolución motivada, logo de solicitude do Consello da Avogacía de Galicia na que esta fará constar as razóns en que fundamenta a necesidade do pagamento inmediato para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, así como o importe do anticipo solicitado, o cal non poderá exceder da cantidade expresada neste apartado.

Xunto coa solicitude de pagamento anticipado, o Consello da Avogacía de Galicia presentará unha declaración responsable na que conste:

- O conxunto das axudas solicitadas para as actividades obxecto do convenio, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais e, de ser o caso, as contías solicitadas ou concedidas.
- Que a entidade beneficiaria non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 11.e), 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

Dado que o crédito orzamentario desta subvención corresponde ao capítulo IV do orzamento de gastos da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e que o Consello da Avogacía Galega e unha institución xurídico-administrativa sen ánimo de lucro, o citado Consello queda exonerado da constitución de garantía, de acordo co establecido no artigo 65.4, apartado f) do Decreto 11/2009,



do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A efectos da xustificación do convenio, o Consello da Avogacía Galega presentará unha certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que inclúa :

- Un informe detallado onde se recolla todas as actuacións de atención xurídica ás vítimas realizadas, especificando o órgano xudicial, o procedemento e o nome e o número de colexiado do letrado que interveu na actuación.
- A relación detallada dos gastos atribuídos á xestión administrativa e tramitación das asistencias realizadas por parte dos Colexios da avogacía, á publicidade e difusión das actuacións e á formación específica dos letrados e letradas na materia específica de asistencia a vítimas de agresións sexuais.

A documentación xustificativa das actuacións realizadas en execución deste convenio deberalle ser presentada, por parte do Consello da Avogacía Galega, á Dirección Xeral de Xustiza, e comprenderá a totalidade das actuacións realizadas entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 30 de novembro de 2023, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Xustiza con data límite o 10 de decembro de 2023.

Deberán remitir unha memoria final de actuación na que se recollerán todos os servizos prestados.

O Consello da Avogacía Galega comprométese a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

### **Sétima. Publicidade e confidencialidade.**

O presente convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.



As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

As partes asinantes quedarán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O Consello da Avogacía Galega, en calidade de encargado do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, entidades estas responsables do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo, adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como ao previsto nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

Igualmente, comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

As partes asinantes do presente convenio comprométense a destacar, nas actividades que se realicen para a difusión das accións previstas no convenio, a colaboración prestada polas outras partes asinantes, e farán constar expresamente o logotipo da Xunta de Galicia e do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e do Ministerio de Igualdade.

### **Oitava. Modificacións e resolución do convenio.**

Conforme o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

O Consello da Avogacía Galega poderá solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación no orzamento inicial presentado, sempre que as actuacións estean comprendidas dentro do obxecto do convenio establecido na cláusula primeira e que o importe total do orzamento non varíe. As solicitudes de modificacións do convenio deberán estar suficiente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de



Xustiza, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

Así mesmo, o presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscripción da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita polas mesmas autoridades que asinan este, se as partes consideran necesaria introducir modificacións no convenio, motivadas pola necesidade de dotar unha maior achega económica ao mesmo, e, en todo caso, se as dispoñibilidades orzamentarias da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes así o permiten.

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) Por mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio
- c) Pola desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio ou polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención

De se resolver o convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, se é o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda -illada ou en concorrencia con subvencións e axudas, ingresos ou recursos- supere o custo da actividade subvencionada.

### **Novena. *Compatibilidade***

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

### **Décima. *Reintegro por incumprimento***

Se a entidade beneficiaria incorrese en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditase, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberá proceder ao reintegro da totalidade destas en caso de incumprimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades administrativas e penais a que proceda.



Así mesmo, a entidade beneficiaria deberán reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

### **Décimo primeira. *Natureza e interpretación.***

O presente convenio ten natureza administrativa e rexeráse polas cláusulas nel establecidas, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, cuxos acordos porán fin á vía administrativa.

A orde xurisdicional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que se poidan suscitar entre as partes, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

### **Décimo segunda. *Comisión mixta de coordinación e seguimento.***

Consoante o previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase unha comisión de seguimento do convenio, á cal lle corresponde velar polo cumprimento do pactado e pola boa marcha do mesmo, así como asumir o seguimento da súa execución e o coñecemento de calquera cuestión que poida xurdir sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos, todo isto sen prexuízo de que no seu seo se poida tratar de calquera outro asunto vinculado co seu obxecto e relacionado coa mediación e a Administración de xustiza.

Esta comisión terá carácter mixto, e estará integrada polos seguintes membros:

- Por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, o director xeral de Xustiza, ou persoa en quen delegue.



- Por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a secretaria xeral de Igualdade, ou persoa en quen delegue.
- Por parte do Consello da Avogacía Galega, a súa presidenta, ou persoa en quen delegue.

As controversias sobre a interpretación e execución do presente convenio serán resoltas de mutuo acordo entre as partes no seo da comisión.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado, e para un só efecto, no lugar e data arriba indicados.

O vicepresidente primeiro e conselleiro de  
Presidencia, Xustiza e Deportes

A conselleira de Promoción do Emprego e  
Igualdade

Diego Calvo Pouso

Elena Rivo López

A presidenta do Consello da Avogacía Galega

Lourdes Carballo Fidalgo

